



CEIP Ramón Cabanillas

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

Índice

1. Introducción.....	3
1.1. Datos básicos do centro.....	3
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.....	3
1.3. Breve xustificación do mesmo.....	4
1.4. Proceso de elaboración.....	5
2. Situación de partida.....	6
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.....	6
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.....	7
2.3. Análise DAFO.....	8
3. Plan de Acción.....	10
4. Avaliación do plan.....	15
5. Difusión do plan.....	16

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP Ramón Cabanillas

Dirección: José Antonio Souto Paz, 5, CP. 15702 Santiago de Compostela (A Coruña)

Correo: ceip.ramon.cabanillas@edu.xunta.gal

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramoncabanillas/>

Etapas educativas: Educación infantil y primaria.

Nº de alumnado: 423

Profesorado: 33

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro educativo atópase situado sobre as Brañas, espazo urbano rodeado de parques na zona sur da cidade de Santiago de Compostela. Preto do colexio están o parque Eugenio Granell e as Brañas do Sar que, coas súas áreas de pradería, céspede, xardín, bosque de ribeira e carballeira, son un importante recurso para as actividades docentes.

A demarcación da zona de escolarización, abrangue unha ampla área do SL da cidade de Santiago de Compostela, nos barrios de: O Ensanche, Pontepedriña, Castiñeiriño e Sar. É zona urbana na práctica totalidade, con algúns retallos periurbanos de vivendas unifamiliares con terreo e dependencias anexas. Está experimentando unha importante transformación por mor de urbanizacións de recente planificación que hai dentro do seu ámbito. Están construídos e ocupados moitos edificios nos do contorno da Pontepedriña e arredores do centro e, están proxectadas un número importante de vivendas nos SUP situados entre a rúa da Estrada e Granxa do Castiñeiriño ou entre o Monte do Seixo e o Periférico.

A día de hoxe contamos cunha matrícula de 423 alumnos/as (tendo unha capacidade de 450). Con alumnado de educación infantil y primaria. Durante o curso soe flutuar levemente á matrícula por mor de cambios no domicilio dalgunhas familias, normalmente por motivos laborais e/ou relacionados con movementos migratorios.

Este centro caracterízase por ser un centro inclusivo onde está escolarizado alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo, alumnado de ascendencia e de procedencia estranxeira (sobre todo de orixe marroquí, latinoamericano (colombianos e peruanos) chinés e latinoamericano).

Os datos socioeconómicos indican que as familias teñen unha renda media alta e unha cultura similar. Por outra banda, existe unha importante diversidade sociocultural, polo que o centro educativo procura compensar as necesidades e as posibilidades de todo o alumnado atendendo a todas as situacións.

Polo xeral, os hábitos de hixiene e alimentación que amosa o alumnado é positivo.

A lingua galega ten un uso minoritario polo alumnado, se ben, se detectan casos puntuais nos que o alumnado fala galego e a actitude xeral das familias é positiva.

Ata a actualidade o absentismo escolar é escaso e as faltas de asistencia soen estar motivadas por enfermidade ou visitas médicas, nalgún caso por viaxes programadas debidamente xustificadas nas titorías.

O Plan Dixital (en diante PD) intégrase no Proxecto Educativo dun xeito global. Este PD conformará unha peza fundamental para a concreción de do ensino cos materiais dixitais. Este centro, no seu PE. Contempla o traballo docente a través da tecnoloxía. Contamos anualmente cun plan de formación desenvolvido desde o centro relacionado coas TIC. Formámonos nos anos anteriores coas ferramentas de Aqueiro, tamén coas ferramentas de comunicación coa Comunidade Educativa (Abalarmobil). Por outra banda, o centro conta co proxecto E-Dixgal dende hai 5 anos, e o profesorado ten interese en continuar. Neste curso, solicitamos entrar e formar parte do proxecto de Polos Creativos, coa intención de continuar na liña tecnolóxica. Por último, o profesorado traballa diariamente co material de aula, como é un ordenador de mesa e un proxector, ademais, contan e utilizan para a educación mixta a aula virtual (alumnado que, por diferentes motivos xustificados ten que quedar na casa). Todas as aulas contan actualmente con estes recursos ademais de ter auriculares e webcam para comunicacións externas.

O Plan Dixital (en diante PD) contribúe coa Programación Xeral Anual (PXA) no desenvolvemento dos diferentes proxectos nos que o centro se implica globalmente, como por exemplo Radio Furelo, que se desenvolve nas aulas e que consiste na gravación de material audio que logo é editado e subido na páxina web do centro. Tamén contribúe, no desenvolvemento da comunicación de alumnado NEE, na preparación, formación e posta en práctica de recursos a través de Sistemas Alternativos de Comunicación (en diante SAC), contamos con dúas alumnas que utilizan o sistema Grib3 e Proloquo, para os cales precisan de material TIC.

Por outra banda, sinalar os programas nos que estamos implicados como é E-Dixgal, Aulas virtuais e Polos Creativos (solicitado).

Por último, indicar que o centro xestiona material de Educa en Dixital para o alumnado que se atopa en fenda dixital.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

- *Resolución do 26 de maio de 2022 pola que se dita instrucción para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e BACH no curso académico 2022-2023.*

1.4. Proceso de elaboración

Descrición e organización do Plan dixital.

Compoñentes:

- *Fran Nanín (asesor).*
- *Mary (EP, XE)*
- *Begoña (EP)*
- *Raquel (ENG)*
- *Alberto (EP)*
- *Rosi (EP, Dir)*

Fases:

1) Elaboración do SELFIE.

Nesta fase houbo un proceso de exposición e convencemento do claustro, xa que para coñecer a situación do centro necesitabamos datos da maior parte do mesmo.

2) Test de competencia dixital do profesorado.

Neste caso, recolleamos datos similares, para facer un contraste de datos na análise posterior.

3) Elaboración e análise DAFO

Unha vez que obtivemos os datos anteriores os descargamos e os analizamos en base á DAFO do centro, recoñecendo as nosas debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades en relación das tecnoloxías dixitais no noso propio centro.

4) Plan de Acción.

Nesta fase elaboramos os obxectivos específicos para o centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *Infraestructura dixital*

A dirección do centro conta actualmente cun sistema de informatización AMTEGA. A administración conta con telefonía.

As aulas do centro e outros espazos contan con conectividade por cable (xestionado pola UAC). Ademais, contan cun sistema inalámbrico xestionado por PREMIUM, para o alumnado E-Dixgal. O resto do centro ten algúns espazos con conectividade xestionada pola UAC, pero aínda non temos conectividade inalámbrica total, xa solicitada no mes de outubro (estamos á espera).

- *Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:*

- aulas dixitalizadas, todas teñen conectividade e posibilidade de visualización e interacción a través de webcam, auriculares e altosfalantes.*
- proxecto E-Dixgal, en 5º e 6º de EP de dúas liñas.*
- Proxecto ABALAR, reutilizamos as tabletas do antigo plan para 4º de EP, e outros cursos que o soliciten.*
- Equipos de xestión e administración, actualmente contamos con catro postos equipados xestionados pola AMTEGA.*
- uso na biblioteca, utilizamos o MEIGA para a catalogación dos recursos deste espazo. A sala conta con hemeroteca e espazos audiovisuais.*
- equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos: hai 4 postos informáticos con webcam e auriculares Abalar.*
- equipos ultraportátiles para aula móbil, o centro xestiona Educa en Dixital, recursos para o alumnado con posible fenda dixital, algúns deles utilizados tamén en aulas (2º EP) para necesidades educativas especiais (NEE).*
- dotacións para proxectos específicos, solicitamos Polos Creativos.*

- Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente. O centro conta con páxina web do centro, aulas virtuais, Agueiro, E-Dixgal, espazo Abalar, Abalarmóbil, e fai uso habitual da maior parte dos recursos.

O centro educativo conta cun mantemento mensual para pequenas reparacións, revisión de hardware y software, etc.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas			
		Infantil e primaria			
A -Liderado	Equipo Direct.	3.3			
	Profesorado	3.4			
	Alumnado	-			
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.3			
	Profesorado	3.1			
	Alumnado	4			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.8			
	Profesorado	3.9			
	Alumnado	4.2			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.3			
	Profesorado	3.7			
	Alumnado	-			
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.2			
	Profesorado	3.9			
	Alumnado	-			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4.1			
	Profesorado	3.8			
	Alumnado	3.5			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.6			
	Profesorado	3.2			
	Alumnado	-			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.9			
	Profesorado	3.8			
	Alumnado	4.2			

TEST CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	16	23	69,6%
PROVISIONAL	5	6	83,3%
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO	2	2	100%
DESPRAZADO	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
67,7	Integrador/a B1	76,4	Integrador/a B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	68,6	Integrador/a B1	68,2	Integrador/a B1
PRI	68,9	Integrador/a B1	77	Integrador/a B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3,8%
A2	12	46,2%
B1	11	42,3%
B2	1	3,8%
C1	1	3,8%
TOTAL	26	99,90%

2.3. Análise DAFO

A análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C- O centro dispón de 10 tablets para utilizar nas aulas de Educación Infantil. C10- Dispón de ordenadores Edixgal nas aulas de 5º e 6º de Primaria. C10 -Dispón de tablets Abalar (40 Unidades)	C14- Os espazos son pequenos. C10- Non ter tablets para todo o alumnado (1º EP a 4º EP). C1- La obsolescencia de los recursos de aula (Kit la mayoría tiene 10 años). C14- Os espazos son pequenos. C10- Necesidade da creación dunha aula de informática ben dotada a nivel TICs. C10- Non ter tablets para todo o alumnado (1º EP a 4º EP). C1- La obsolescencia de los recursos de aula (Kit la mayoría tiene 10 años). C14- Os espazos son pequenos. C10- Necesidade da creación dunha aula de informática ben dotada a nivel TICs.
	PERSONAL DOCENTE	D2- O profesorado ten acceso á posibilidade de formación TICs. E1- O profesorado busca recursos dixitais na rede para poder usalos na aula. F1 e F3- Uso de recursos dixitais para a busca de: actividades, adaptación das metodoloxías e fomento da creatividade na aula.	A4. Falta de tempo para explorar a mellora do método de ensino con TIC G O proceso de avaliación a nivel dixital é esporádico, individual e non se comparte.
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	H- Boa competencia dixital do alumnado.	
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		B4- O centro non conta cun plan de axuda ao profesorado para a aplicación da aprendizaxe mixta. B Necesidade de elaborar e compartir material e experiencias dixitais dentro e fóra do noso Centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A centro obtén colaboracións puntuais da administración.	Carencia e lentitude de acceso aos servizos técnicos e de mantemento fóra da plataforma EDIXGAL. Excesiva burocracia e constante adaptación das programación por cambios de leis. Demasiadas trabas burocráticas á hora de solicitar melloras no centro educativo a nivel infraestruturas e/ou reformas.
	LEXISLACIÓN	A nova lei educativa potencia, na súa normativa, a competencia dixital.	Constantes cambios de currículum que dificulta unha continuidade no proceso educativo a medio ou longo prazo.
	CONTORNA	O Centro é un referente a nivel de atención ao alumnado con NEEs.	
	ANPA	Interese. Boa disposición. Participación.	
	OUTRAS ENTIDADES	O centro obtén colaboracións puntuais do Concello.	Responsabilidades a nivel sanitario e/ou psicolóxico que ten que asumir o profesorado por falta de persoal cualificado para estas tarefas.

3. Plan de Acción

"Área/s de mellora": F Pedagogía: implementación na aula.						
OBXECTIVO 1:	Favorecer o traballo colaborativo entre o alumnado empregando as TIC. Titoría entre iguais. (F4)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O número de edicións realizadas polo alumnado de diferentes cursos do centro.					
Valor de partida	Inicio de curso: 0.					
Valor previsto e data	Se agarda que o valor previsto de edicións de audio ao final de curso de 2023 sexa o 5 audios.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Espertar ao alumnado na participación de tarefas relacionadas coa Comunidade Educativa.	Titoría	Outubro de 2022	Materiais: páxina web, repositorio de audios de Radio Furelo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formar ao alumnado en programas de edición de audio.	Responsable do equipo TIC	Febreiro de 2022	Materiais: os editores (Audacity).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Distribuir ao alumnado de 6º en equipos que se encargarán da edición dos audios gravados por cada aula.	Responsable do equipo TIC e Titorías	Maio de 2023	Materiais: os editores (Audacity).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Difundir a través do web do centro as gravacións realizadas polo alumnado.	Responsable do equipo TIC	Ao longo de todo o curso. Maio de 2023	Materiais: Web do centro co repositorio de audio de Radio Furelo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": F Pedagogía. Implementación na aula						
OBXECTIVO 2:	Desenvolver, en diferentes aulas, intercambio de experiencias para favorecer a multiculturalidade do centro a través do noso alumnado inmigrante. (F6)				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O número de experiencias realizadas nas aulas implicadas.					
Valor de partida	Inicio de curso: 0.					
Valor previsto e data	1 experiencia realizada					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Espertar ao alumnado o interese por coñecer outras culturas a través da propia realidade de convivencia do centro.	Titoría	Decembro de 2022	Materiais: Bibliografía e material audiovisual relacionado coa cultura que se queira traballar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Crear un un espazo na aula virtual sobre o tema.	Titorías co apoio dun responsable TIC	Febreiro de 2022	Materiais: Aula virtual dos cursos implicados.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
AO2.3: Difundir a través da web do centro as experiencias realizadas.	Un responsable do Equipo TIC	Marzo de 2023	Materiais: Páxina Web do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Realizar videoconferencias con outros países.	Titorías co apoio dun responsable TIC	Maio de 2023	Materiais: PC con conexión a internet, Webex, altofalantes e webcam.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E Pedagogía: Apoios e recursos						
OBXECTIVO 3:	Fomentar o emprego da Aula Virtual, no proceso de ensino e aprendizaxe. (E.3)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O número de docentes que utilizan a aula virtual e Eva (E-Dixgal)					
Valor de partida	Inicio de curso: 4					
Valor previsto e data	8 docentes utilizan a aula.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Formación inicial do profesorado no manexo da AV	Responsable do equipo TIC	Decembro de 2022	Materiais: Moodle. Humanos: delimitar o traballo e os tempos a desenvolver cada tarefa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Establecer grupos de colaboración por niveis	Titorías co apoio dun responsable TIC	Marzo de 2023	Materiais: Recursos Moodle		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
	Pendente					
AO3.3: Creación dun proxecto para a AV.	Titorías co apoio dun responsable TIC	Maior de 2023	Materiais: Recursos Moodle		Realizada	

"Área/s de mellora": D Desenvolvemento profesional continuo						
OBXECTIVO 4:	Coñecer e utilizar ferramentas para a Aula Virtual. (D.2)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O número de docentes que participan na formación					
Valor de partida	Inicio de curso: 0					
Valor previsto e data	7 docentes.					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Formación inicial do profesorado no manexo da AV	Responsable do equipo TIC do obxectivo 3	Xaneiro de 2023	Materiais: Moodle. Humanos: delimitar o traballo e os tempos a desenvolver cada tarefa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Formación inicial do profesorado no manexo da ferramenta Audacity	Responsable do equipo TIC do obxectivo 1	Xaneiro de 2023	Materiais: Recursos Moodle		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
				Pendente		

"Área/s de mellora": D Desenvolvemento profesional continuo						
OBXECTIVO 5:	Inventariar os recursos TIC (C)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O número de docentes que participan na formación					
Valor de partida	Inicio de curso: 0					
Valor previsto e data	7 docentes.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Formación inicial en coñecementos básicos Excel	Responsable do equipo TIC e o seu equipo	Decembro de 2022	Excel		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Inventariado dos recursos TIC	Responsable do equipo TIC e o seu equipo	Maio de 2023	Excel		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
				Pendente		

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, realizarase indicando:

- No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre en función de cada obxectivo proposto. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

Obx1. Favorecer o traballo colaborativo entre o alumnado empregando as TIC. Titoría entre iguais. (F4)

- Temporalización: á finalización de cada trimestre se valorarán os resultados das accións seguintes:

*participación nas tarefas
a destreza do alumnado no uso dos editores de audio
comprobación da difusión en web.*

- Os instrumentos de avaliación se realizan a través da observación e da análise dos materiais elaborados.

Obx2. Desenvolver, en diferentes aulas, intercambio de experiencias para favorecer a multiculturalidade do centro a través do noso alumnado inmigrante. (F6)

- Temporalización: á finalización de cada trimestre se valorarán os resultados das accións seguintes:

*participación nas tarefas
o nivel de implicación no coñecemento doutras culturas e respecto
análise do espazo creado na aula virtual*

- Os instrumentos de avaliación se realizan a través da observación e da análise dos materiais elaborados.

Obx3. Fomentar o emprego da Aula Virtual, no proceso de ensino e aprendizaxe. (E.3)

- Temporalización: á finalización de cada trimestre se valorarán os resultados das accións seguintes:

*participación nas tarefas
o nivel de implicación na formación
o nivel de implicación nos grupos de colaboración por niveis
valoración da utilidade do proxecto para a aula virtual*

- Os instrumentos de avaliación se realizan a través dos resultados e da análise dos materiais elaborados.

Obx4. Coñecer e utilizar ferramentas para a Aula Virtual. (D.2)

- Temporalización: á finalización do primeiro trimestre se valorarán os resultados das accións seguintes:

*participación nas tarefas
o nivel de implicación na formación do manexo da ferramenta AV
o nivel de implicación na formación do manexo da ferramenta Audacity*

- Os instrumentos de avaliación se realizan a través dos resultados e da análise dos materiais elaborados.

Obx5. Inventariar os recursos TIC (C)

- *Temporalización: á finalización do primeiro trimestre se valorarán os resultados das accións seguintes:*

O coñecemento na ferramenta EXCEL

á finalización do curso se valorarán os resultados das accións seguintes:

A comprobación dos recursos inventariados no Excel que estean no centro.

- *Os instrumentos de avaliación se realizan a través dos resultados e da análise dos materiais elaborados.*

- *No contexto da avaliación final e global a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano, e na finalización do curso académico. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

5. Difusión do plan

Os formas de difusión serán:

1º) A difusión a través da páxina Web do centro.

2º) A comunicación a través do Claustro e do Consello Escolar.

3º) A difusión a través das reunións iniciais de curso.